

BASES DO CONCURSO FOTOGRÁFICO sobre a Ría de Muros e Noia.

Organiza: Asociación Cultural e Recreativa Ponte Vella. Abelleira, Muros, A Coruña.

BASE 1ª: OBTENTO

A A.C.R. Ponte Vella, de Abelleira, Muros, convoca un concurso de fotografía baixo o título "A ría de Muros e Noia" para premiar a mellor fotografía relacionadas coa nosa ría.

A participación no presente concurso presupón:

A aceptación íntegra de tódalas cláusulas contidas nestas bases.

A autorización, por parte do autor e protagonistas da foto, para publicar as fotografías na páxina web de Abelleira.info, indicando nome e apelidos do Autor, lugar de residencia, título da fotografía e a súa descrición.

A autorización a A.C.R. Ponte Vella para dispoñer das fotografías concursantes e reproducilas e amplialas ao obxecto de realizar una exposición por un tempo determinado nun lugar a determinar si se considerase oportuno.

BASE 2ª: DURACIÓN E ÁMBITO

Entrarán en concurso as fotos recibidas desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 1 de marzo de 2010, ambos inclusive.

O concurso referirase a fotografías sobre a Ría de Muros e Noia con temática libre, pero cun contido propio relacionado coa ría. Dende aspectos mariñeiros, paisaxísticos, etnográfico, natureza, históricos, tradicionais, culturais. A A.C.R. Ponte Vella reservase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o concurso, en cualquier momento anterior a súa finalización, sempre que existan causas que así o xustifiquen. Asimesmo, a A.C.R. Ponte Vella resérvase o dereito a evitar que, sobre este concurso se establezan sistemas de especulación ou de negocios. A tal fin, poderá exercitar as accións legais que estime oportunas.

BASE 3ª: MECÁNICA DO CONCURSO

3.1.- Xeito de participación:

Os interesados en participar deberán remitir DÚAS FOTOS orixinais á seguinte dirección postal como correo certificado en soporte CD, e nun formato JPEG dun máximo de 5 megabytes,

cunha resolución mínima de 72 ppp e unha máxima de 300 ppp, o tamaño da fotografía non debería superar 3543x2835 píxeles (30x24 cm a 300 ppp):

Antonio Priegue Leis,

Lugar de Priegue,

C.P.15290 Abelleira, Muros

A Coruña

Acompañando as fotografías deberán recopilar os seguintes datos, que irán nun **sobre pechado**:

Nome e apelidos do autor da fotografía, domicilio, NIF, teléfono e enderezo de correo electrónico.

Nome e apelidos, no seu caso, das persoas que aparecen na fotografía, así como o seu NIF e número de teléfono. Si o autor da fotografía fose menor de idade, tamén terá que indicar nome, apellidos, NIF, e teléfono de ambos proxenitores ou, no seu caso, titor/res. De igual modo, si nalgunha das fotografías aparecera algún menor de idade, a fotografía deberá ser remitida polo proxenitor ou titor, indicando que conta coa autorización de ambos proxenitores, asumindo, en todo caso, cualquier responsabilidade que pudiera derivarse da participación do menor no concurso. So entrarán en concurso as fotografías remitidas que conteñan os datos citados anteriormente e que asimismo cumplan cos requisitos do seguinte apartado 3.2.

3.2.- Requisitos a cumprir polas fotografías.

1. As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro.
2. As fotografías deben ser orixinais, non editadas con ordenador, e nunca publicadas e premiadas con anterioridade.
3. Os concursantes deberán dar título as fotos, ademais dunha pequena descrición.
4. Quedarán fóra de concurso todas aquelas fotografías que puidesen atentar contra o bo gusto ou non cumplan os requisitos establecidos nas presentes bases.

3.3.- Límites e Autorizacións.

1. Cada autor só poderá enviar dúas fotografías..
2. Non poderán participar no concurso membros da Directiva da A.C.R. Ponte Vella.

3.4.- Xurado, Selección dos Gañadores e Verificación.

1. Composición do Xurado: Estará integrado por: unha persoa da Directiva da A.C.R. Ponte Vella e por dous profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía designadas pola Directiva da A.C.R. Ponte Vella.
2. Selección de gañadores e Verificación: O xurado seleccionará, con arreglo a criterios de orixinalidade, factura técnica e relación co epígrafe do concurso a fotografía gañadora.

3.5.- Publicidade dos premiados e entrega de premios.

A A.C.R. Ponte Vella dará a coñecer o gañador na súa páxina WEB (<http://www.abelleira.info/wp>) os primeiros días de Marzo de 2010. A A.C.R. Ponte Vella notificará ao gañador día e hora da entrega do premio, mediante correo electrónico, remitido á dirección facilitada polo autor da fotografía ou mediante chamada telefónica. Si o premiado fose menor de idade ou estivese incapacitado, será necesario o consentimento de seus pais ou titores para a aceptación do premio.

BASE 4ª: DESCRICIÓN DO PREMIO.

GAÑADOR

O gañador recibirá un premio consistente en 150 euros en material fotográfico a consumir en Foto Domi en Muros.

BASE 5ª: CESIÓN DEREITOS

A aceptación do premio presupón a cesión gratuita a favor de A.C.R. Ponte Vella e ata o 31 de Decembro de 2010, do dereito de reprodución por parte do autor, así como a cesión do dereito de imaxe por parte dos protagonistas da fotografía; dereitos dos que fará uso a A.C.R. Ponte Vella conforme á normativa vixente na materia.

BASE 6ª: REPERCUSION FISCAL

Os premios non están suxeitos a retención ou ingreso a conta, xa que de conformidade co RIRPF aprobado por Real Decreto 214/1999, según redacción dada polo R.D. 27/2003, de 10 de Xaneiro, aplicable dende 1-1-2003 (art. 70.3g), excepcionanse de retención os premios cuxa base de retención non exceda de 300 euros, tendo en conta que tratándose de premios en especie, o valor de mercado (resultado de incrementar o valor de adquisición ou coste para o pagador nun 20%). non poderá exceder de 300 euros.